

CLASICISMO: EQUILIBRIO E SIMPLICIDADE



O Clasicismo é un curto período da historia da música, pouco máis de 50 anos, no cal os extremismos, os contrastes e a esaxeración barroca pasan de moda. Imponse a simplicidade, o equilibrio e a proporción.

Un período curto pero de gran importancia pois nel viviron e compuxeron tres dos máis destacados músicos de todos os tempos: F. J. Haydn, W. A. Mozart e L. Van Beethoven.

O poder absoluto das grandes monarquías europeas é cuestionado por primeira vez por un movemento revolucionario cidadá, a Revolución Francesa (1789).

Ao mesmo tempo, un gran movemento cultural progresista, **A ILUSTRACIÓN**, promove un ideal de **IGUALDADE** e **BENESTAR** para todos a través da **educación** e o **coñecemento**.

Prodúcese un gran desenvolvemento da ciencia grazas a investigadores coma Newton, Leibniz, Franklin, Lavoisier, etc.

Xorde, por primeira vez, a necesidade de **recompilar todos os saberes** e facelos accesibles á cidadanía mediante a redacción dunha Enciclopedia.



A MÚSICA:

Durante este curto período de tempo imponse a idea de que a música é un entretemento que serve para facermos a vida máis agradable.

A música desta época é:

- **elegante e discreta.**
- Busca a beleza na **simplicidade**, a **orde** e o **equilibrio**.
- Foxe dos excesos barrocos.
- Presenta un grande respecto pola **proporción** e a **forma**.

FORMAS MUSICAIS



MÚSICA INSTRUMENTAL


A FORMA SONATA

A **forma sonata** é unha forma de estruturar e desenvolver os TEMAS MUSICAIS nunha composición musical. Coma un molde a partir do cal o compositor constrúe diferentes tipos de composicións.

A súa estrutura é a seguinte:


LA FORMA SONATA								
EXPOSICIÓN				DESARROLLO	REEXPOSICIÓN			
TEMA A	PUENTE	TEMA B	C O D A		TEMA A	PUENTE	TEMA B	C O D A
			•	•				•
			•	•				•
Carácter rítmico (I)	Misión: modular al tono de la dominan te	Carácter melódico (V)		Parte libre con elementos temáticos recogidos de la exposición	Carácter rítmico (I)	Igual pero lleva al tono principal	Carácter melódico (I)	

Deste xeito, as formas musicas que empregan a FORMA SONATA no seu primeiro movemento son as seguintes:



A FORMA RONDÓ:

En un rondó, na que se alternan o tema principal A (coma un retrouso) con outros temas musicais en contraste:



A FORMA “TEMA CON VARIACIÓNS”

Consiste na exposición dun tema principal que se repetirá varias veces, pero non exactamente igual, senón alterado dalgún xeito.

Os cambios poden ser diversos:

- algún adorno engadido
- cambios de harmonía
- de ritmo
- de tempo
- de timbre
- de textura ...

MÚSICA VOCAL: DA ÓPERA BARROCA Á ÓPERA CLÁSICA



Aínda que a ópera invéntase no Barroco, é no Clasicismo cando adquire a naturalidade que a fai máis accesible.

A ópera barroca ía dirixida a un público reducido, aristocrático e poderoso, amante dos temas mitolóxicos e heroicos: irreais.

Na ópera clásica, sen embargo, as situacións son máis familiares e os personaxes máis próximos ao público, máis críbles. Homes e mulleres que senten emocións humanas coma a envexa, a vaidade, os celos, a paixón, a ilusión, o perdón ou a rabia. O público da ópera clásica tamén cambia, incorpórase a burguesía adiñeirada.

ÓPERA BARROCA	ÓPERA CLÁSICA
❧ Público aristócrata ❧ Tema histórico ou mitolóxico ❧ Personaxes artificiais ❧ Carácter solemne ❧ Virtuoso	❧ Público nobre e burgués ❧ Temas cotiás, cibles ❧ Personaxes próximos ❧ Carácter alegre, humorístico ❧ Música sinxela e natural

Exemplos destas óperas clásicas son os argumentos de óperas de W. A. Mozart coma ***O rapto no serallo, As vodas de Fígaro, Don Giovanni*** ou ***A Fruta Máxica*** cuxos fragmentos viches na película *Amadeus*.

COMO VIVIR DA MÚSICA NO CLASICISMO

Os músicos desta época traballan coma serventes na corte ou na igrexa ou para familias aristocráticas. Reciben un soldo e a mesma consideración que calquera outro criado.

Comemos hacia las doce, desgraciadamente un poco pronto para mí. Los comensales somos dos ayudas de cámara [...], el pastelero, los dos cocineros y... mi insignificante persona. Por cierto, los dos ayudas de cámara se sientan a la cabecera de la mesa, y yo tengo al menos el honor de que me consideren por encima de los cocineros...

(Carta de W. A. Mozart a su padre)

Esta situación implica unha serie de vantaxes:

- Soldo seguro
- Cartos para instrumentos e montaxes de calidade
- Se o señor é comprensivo, certa liberdade...

E tamén os seus inconvenientes:

- Compoñer ao gusto do seu señor
- Viaxar con el e, se quere facelo so, debe ser sempre co seu permiso
- As súas obras son propiedade do seu señor e só se interpretan co seu consentimento

É por isto que W. A. Mozart tentou desvincularse deses azos laborais e traballar por conta propia, vivindo exclusivamente dos cartos que recibía pola recadación nos despachos de billetes ou polas obras que escribía por encargo.

Sen embargo, non lle vai demasiado ben. O hábito de pagar polas entradas a un espectáculo musical non está aínda xeneralizado e, en ocasións, a súa música non é suficientemente

Junio de 1788

Queridísimo hermano:

Tu auténtica amistad y amor fraterno me animan a pedirte un gran favor: todavía te debo 8 ducados, y no sólo no estoy en condiciones de pagártelos por el momento, sino que mi confianza en ti es tan grande que me atrevo a rogarte que vuelvas a ayudarme, sólo hasta la próxima semana —cuando empiezan mis conciertos en el Casino—, con el préstamo de 100 florines; para entonces ya tendré el dinero de las suscripciones y podré devolvarte con facilidad 136 florines, con mis más calurosas gracias...

(Carta de Mozart a su amigo M. Puchberg)

comprendida ou aceptada polo público vienés. Ao non encher os teatros tampouco é quen de conseguir ingresos suficientes para ter unha vida digna.

COMO RECOÑECER A MÚSICA DO CLASICISMO

1. Gran variedade de elementos na mesma composición: distintos ritmos, melodías e temas. Todos eles tratados con elegancia.
2. A melodía é moi importante: natural e equilibrada, construída con frases simétricas e sen adornos.
3. Incorpóranse os cambios graduais de intensidade, o **Crescendo** e o **Diminuendo**. Isto aporta unha gran riqueza de matices.
4. A textura predominante é a melodía acompañada.
5. Medra a orquestra e desaparece o papel do baixo continuo.
6. Imponse o piano coma instrumento de tecla, o clave desaparece.

